

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: IES Lauro Olmo

CURSO: 1º ESO

MATERIA: Xeografía e Historia

DEPARTAMENTO: Xeografía e Historia

DATA: Terceiro trimestre (Abril-Xuño de 2020)

ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.

Debido a que as explicacións fanse de maneira non presencial reforzamos algunhas competencias como:

- Competencia dixital, xa que hai un maior presenza das TICS, necesarias para obter, analizar, producir e intercambiar información.
- Aprender a aprender, no canto de desenvolver a capacidade de iniciar aprendizaxe de temas nova, organizar tarefas e o tempo de estudo, de xeito individual
- Comunicación lingüística, desenvolvendo a comprensión lectora e a expresión escrita.
- Competencias sociais e cívicas, propias da Xeografía e Historia.

Contidos	Critérios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución
B1.1. A Terra: a Terra no Sistema Solar.	B1.1. Coñecer o Sistema Solar e establecer as relacións entre os movementos da terra e a existencia das estacións e do día e da noite, e comprender a súa importancia na distribución dos climas e da Biota.	XHB1.1.1. Interpreta como influen os movementos astronómicos na distribución da radiación solar e nas zonas bioclimáticas do planeta.	Elabora un cadro comparativo dos movementos da Terra (rotación e translación)
B1.5. Trazos principais do relevo do mundo. Clima: elementos e factores. Diversidade climática no planeta.	B1.5. Localizar no mapamundi físico as principais unidades do relevo mundiais, os grandes ríos e as grandes zonas climáticas, e identificar as súas características	XHB1.5.1. Sitúa nun mapa físico as principais unidades do relevo europeo e mundial.	Sitúa nun mapa mudo os continentes e as unidades de relevo e ríos máis importantes da Terra
B1.6. Medio físico do mundo e de Europa: relevo e hidrografía.	B1.6. Ter unha visión global do medio físico europeo e mundial, e das súas características xerais.	XHB1.6.1. Localiza nun mapa físico mundial os elementos e as referencias físicas principais: mares e océanos, continentes, illas e arquipélagos máis importantes, ríos e cadeas montañosas principais.	Sitúa nun mapa os océanos, mares e illas máis importantes da Terra.
B1.9. Conxuntos bioclimáticos do espazo xeográfico europeo.	B1.9. Coñecer, comparar e describir os grandes conxuntos bioclimáticos que conforman o espazo xeográfico europeo.	XHB1.9.1. Clasifica e localiza nun mapa os tipos de clima de Europa	Identifica as características dos tipos de clima en Europa, España e Galicia.

2. Avaliación e cualificación.

2.1. Avaliación

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020	CENTRO: IES Lauro Olmo CURSO: 1º ESO MATERIA: Xeografía e Historia
---	--

A avaliación das aprendizaxes do alumnado será continua, diagnóstica e formativa con carácter positivo.

- Procedementos de avaliación: teremos en conta as actividades que se mandan ao alumnado que consisten en resolver cuestións sobre o libro e facer os test interactivos, tendo en conta tamén a actitude e interese pola materia.
- Instrumentos de avaliación: as actividades e test entregados polo alumnado, vía telemática.

2.2. Cualificación final

Consideramos, por acordo do departamento que o resultado final do curso establece en función dos seguintes criterios cuantitativos de cualificación:

- A media das dúas primeiras avaliacións.
- Ao anterior resultado se lle poderá engadir **ata un punto** como máximo, pola entrega das actividades debidamente realizadas. No caso de non entregar as actividades non se terá en conta este feito para a cualificación final.
- Redondearase a nota cara a unidade máis próxima.

2.3. Proba extraordinaria de setembro.

O profesorado proporcionará ao alumnado, no mes de xuño, os contidos mínimos esixibles que se estipularán só tendo como referencia o impartido durante a 1ª e 2ª avaliacións.

Se alguén copia será suspendido con 0 puntos e terá que recuperar a materia no curso seguinte.

2.4. Alumnado con materia pendente.

O departamento elaborou unha guía de traballo na que se incorporaron unha serie de actividades, seguindo o grao mínimo de consecución dos estándares de aprendizaxe. Esta guía, xunto cos criterios de avaliación se lle comunicou ao alumnado nunha reunión, convocada ao efecto, a finais de xaneiro. A data de entrega era o día 1 de abril.

- **Alumnado con conectividade:** Un alumno, con ordenador e conectividade, non entregou nada. Como non se puido facer o exame presencial datado para a segunda quincena de abril, decidiuse enviarlle unha proba, tipo exame, que terá que resolver durante o mes de maio. En caso dunha valoración negativa, este alumno poderá optar a facer a proba extraordinaria de setembro segundo o referido no apartado correspondente (2.3.)
- **Alumnado sen conectividade:** O alumnado, que cursa actualmente 2º PMAR, precisamente ao non ter ordenador e ter **problemas de conectividade** non puido entregar a actividade de recuperación. Tampouco se puideron levar a cabo os exames presenciais de pendentes programados para a 2ª quincena de abril. Ante estas circunstancias excepcionais e co obxectivo de non afondar máis na brecha dixital e sempre co ánimo de favorecer ao alumnado tómase a seguinte decisión: No caso de teren aprobado o ámbito lingüístico-social de 2º PMAR aprobarán a materia de Xeografía e Historia de 1º da ESO. En caso dunha valoración negativa, o alumnado poderá optar a facer a proba extraordinaria de setembro segundo o referido no apartado correspondente (2.3.)

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre.

3.1. Actividades.

As actividades que o alumnado terá que realizar consisten na resolución dunha serie de cuestións e test sobre o distintos aspectos do currículo (ver supra táboa sobre os estándares de aprendizaxe).

3.2. Metodoloxía:

Non se esixe facer as actividades por ordenador, xa que algúns non teñen; neste caso as actividades serán realizadas a man para que despois se tiren fotos e as envíen ao correo da profesora.

- **Actividades de reforzo e ampliación:** Consideramos que sería mellor traballar con actividades de ampliación, que servirán como reforzo do aprendido e como base para o próximo curso ademais de traballar as competencias sociais é cívicas, a competencia de comunicación lingüística, a competencia de aprender a aprender e a competencia dixital.
 - ✓ Enviaranse as actividades a realizar con instrucións, prazos e valoracións precisas.
 - ✓ Cando se entreguen, cumprindo o prazo, se lles mandará unha corrección conxunta (coa valoración precisa e concreta de cada pregunta e os seus diferentes apartados), para que revisen as respostas e se poñan unha nota, e dicir, se auto avalíen (traballando así a súa competencia matemática).
 - ✓ Esa nota só terá efectos positivos, nunca negativos, na súa nota final (ver supra). Evidentemente no caso de non entregar nada, non se valorará nada.
- **Actividades de recuperación:**
 - ✓ O alumnado con avaliacións pendentes recibirá cuestionarios e test sobre os contidos desenvolvidos nas aulas durante o curso.
 - ✓ Seguirase o mesmo método que se describiu antes.
 - ✓ En caso de non entregar nada tería a materia suspensa e quedaría para a proba extraordinaria de setembro.

3.3. Materiais e recursos empregados:

- O material fundamental e básico que se empregará será o libro de texto.
- Utilización de vídeos explicativos do Instituto Xeográfico Nacional
- Realización de test interactivos
- Uso de correo electrónico

Recoméndase a visita das seguintes páxinas web: *historiasiglo20*, *la cuna de halicarnaso*, *practicopedia*, *sildeshare*, *mapas flash interactivos*...

4. Información ao alumnado e ás familias

A información ao alumnado e ás familias faise a través de ABALAR e o correo electrónico.

Tamén se traslada a información ás titorías para facerlla chegar aos pais, nais e titores correspondentes.

Resaltar que a comunicación é fluída.

Ademais esta adaptación da programación de 1º ESO se publicará na páxina web do IES Lauro Olmo.